



**CES**  
GALICIA  
Consejo Económico e Social de Galicia



Ditame  
**3/26**

**DITAME**

sobre o

# Anteproxecto do Plan director do sector alimentario 2026-2028



**APROBADO POLO PLENO O 22 DE XUÑO**



Todos os documentos do CES poden atoparse en

[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)



Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2026, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Manuel Pérez Álvarez
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Anxo Noceda Carballo María Xosé Alonso Rodríguez Natividade López Gromaz Héctor López de Castro
UGT-Galicia	Jose Carlos Rodríguez del Río Rafael Vázquez García Eladio Romero Ares Javier Carreiro Vázquez
CC.OO.	Maica Bouza Seoane Xesús Castro Baamonde

GRUPO SEGUNDO

CEG	Jose Antonio Neira Cortés Cristina Rama Molinos Ana Belén Vázquez Eibes Jorge Cebreiros Arce Laura Otero Rúa
-----	--



María Dolores Bello Nine  
Enrique Miguel Mallón Otero  
M<sup>a</sup> del Mar Barreiro Mariño  
María Botana Rocamonde  
Jose M<sup>a</sup> Corujo Seguido  
David Martínez Alonso

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Alba Torreira Puga Jacobó Feijoo Lamas
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Confrarías	Jose Antonio Pérez Sieira
Consumidores	Miguel López Crespo Rosa Celia Otero Raña
Economía social	María del Mar Pernas Márquez
Universidade da Coruña	América Álvarez Dominguez
Universidade de Vigo	Pablo Cabanelas

acordou emitir por unanimidade o ditame que literalmente se transcribe de seguido:



## ANTECEDENTES

---

1.- En data 06 de abril de 2026 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto do Plan Director do sector alimentario.

Este organismo resulta competente para o ditame deste Plan Director de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do Plan Director foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 2, Economía, emprego e sectores produtivos, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada de solicitude de ditame.

3.- En data 30 de abril de 2026 tivo lugar unha comparecencia diante da CS-2 de representantes da Xunta para explicar o contido do anteproxecto do Plan director do sector alimentario 2026-2028. Concretamente, levouse a cabo por parte de D<sup>a</sup>. Margarita Ardao Rodríguez, directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (Consellería de Economía e Industria), D<sup>a</sup>. Belén Yáñez Barge, xefa do Servizo de Promoción Industrial (Consellería de Economía e In-



dustria), D. Juan José Cerviño Varela, director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria (Consellería do Medio Rural), D. Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar) a exposición do plan director do sector alimentario.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 5/26, de data 15 de xuño, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/26, do 22 de xuño, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

## **DITAME**

**sobre o Anteproxecto do Plan Director do Sector Alimentario.**



## CONSIDERACIÓNS XERAIS

---

**1.-** O CES comparte e valora positivamente a elaboración do Plan Director do sector alimentario, como un instrumento para establecer medidas para o reforzo do desenvolvemento deste sector estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

O sector alimentario representa o 24,75% do emprego industrial galego e é clave para a cohesión territorial. Non obstante, consideramos que o documento debería afondar no eixo central do emprego de calidade e da transición xusta.

**2.-** O CES entende que un plan director debe ter un percorrido temporal superior ao establecido no documento, pois este é un período moi curto de tempo para facer planificacións de tipo estratéxico e acadar os obxectivos propostos.

**3.-** O CES estima que o Plan director debería delimitar máis claramente o seu ámbito obxectivo: nalgunhas partes fala de sector alimentario, mentres en boa parte do mesmo fala unicamente do sector industrial, ao que refire as medidas específicas. Deberíase aclarar e acoutar debidamente.

Neste senso o CES considera moi importante coidar e traballar a conexión da industria alimentaria coas producións primarias galegas para que se fortalezan e retroalimenten mutuamente e sexamos capaces de acadar un sector primario que produza produtos de calidade e valor engadido que abastezan as necesidades de alimentación propia e que se poidan comercializar no exterior na medida que resulte posible.

**4.-** O CES entende que o sector da alimentación vencellado ás producións gandeiras e agrícolas de Galicia ten entidade e características propias que fan necesaria a conformación de liñas de traballo diferenciadas do sector da



alimentación vencellado á pesca, o marisqueo e a acuicultura, pois trátase de producións que teñen realidades propias, asentamentos territoriais diferenciados, problemáticas individualizadas así como entidade sectorial e cultural propia. Entendemos que a elaboración de liñas de traballo diferenciadas redundaría nunha mellor abordaxe das circunstancias propias que resulta preciso tratar nos diferentes ámbitos da produción, transformación e comercialización que se presentan en cada caso, e que, eventualmente, poderían derivar en Plans sectoriais diferenciados.

O plan director que se elaborou presenta unha clara asimetría no nivel de profundidade do diagnóstico, cun maior desenvolvemento do ámbito industrial fronte a unha análise máis sintética do sector primario.

O CES considera que o enfoque actual podería interpretarse como unha aposta prioritaria pola transformación industrial desvinculada das producións primarias; non obstante, para maximizar o impacto económico, laboral e territorial, resulta imprescindible avanzar cara a un modelo que integre tódolos elos da cadea, xa que sen unha base produtiva forte, o desenvolvemento industrial corre o risco de depender de recursos externos e de perder capacidade de xerar valor no propio territorio.

As producións do sector primario de Galicia presentan unha estrutura propia que en moitos casos confórmanse a partir de proxectos familiares que foron incrementando as súas dimensións e modernizándose ao longo dos anos e que constitúen un tecido de emprego que vai máis aló da man de obra familiar ou asalariada que poida haber en moitos casos, pois resulta frecuente que dinamicen o emprego de servizos asociados como se trata dos almacéns de subministrados, profesionais técnicos especializados, empresas que realizan traballos específicos, talleres especializados no mantemento e reparación de maquinaria empregada nos procesos produtivos ou de transformación, así como outros profesionais que abarcan ámbitos moi diversos e que sosteñen un tecido produtivo moi importante en moitos ámbitos rurais e costeiros de Galicia. Con isto queremos remarcar que o apoio aos sectores primarios redonda nunha cadea de beneficios que vai moito máis aló da produción de alimentos e coidado do



territorio (que son aspectos moi relevantes a ter en conta como beneficio social colectivo), e xera empregos de calidade en moitos ámbitos que reforzan o tecido económico e social de moitas zonas rurais de Galicia que acadan o seu desenvolvemento con unha calidade de vida alta.

Neste sentido, botamos en falta que o plan director recolla todo este ámbito dentro das súas liñas de actuación, para integrar a todo o sector primario dentro das medidas e estratexias do plan director do sector da alimentación e que inclúa tódolos ámbitos das principais producións de alimentos de Galicia.

Igualmente cómpre abordar dentro das estratexias as situacións de despoboamento e abandono de zonas rurais para evitar que se sigan producindo e revertendo esta situación naquelas zonas onde se produciron.

**5.-** No documento recoñécese que o sector primario segue sendo esencial para a comunidade autónoma. As actividades agrícolas, gandeiras, pesca, marisqueo e acuicultura non só aseguran a provisión de materias primas, senón que tamén son un motor de emprego, especialmente nas áreas rurais e costeiras, onde se xera unha gran parte da actividade económica.

Tendo iso en conta, debería terse contado coas organizacións que representan aos produtores primarios na elaboración do documento, así como coas persoas consumidoras, destinatarias finais do sistema alimentario, tanto na gobernanza como no diagnóstico, dos obxectivos estratéxicos, do plan de acción e do cadro de mando.

**6.-** Hai unha problemática xeral de relevo xeracional en moitos ámbitos do plan director, sen embargo no ámbito que comprende os sectores primarios, as dificultades deste relevo son maiores e teñen unha serie de particularidades que os fan diferentes e que precisan un diagnóstico e unhas medidas específicas. Para afrontar este relevo nos diferentes ámbitos, cómpre crear marcos de apoio e regulación que garantan a viabilidade e rendibilidade destas actividades así



como plans específicos en concellos pequenos, onde o despoboamento das áreas rurais sexa máis agravado e precise accións de maior calado.

Por outra banda, tanto os diferentes sectores agrogandeiros como aqueles vinculados á pesca, marisqueo e acuicultura sofren unha grave situación en canto á escaseza de persoal para cubrir postos de traballo vacantes. Para mellorar a incorporación de persoas traballadoras nestes ámbitos considérase convinte reforzar a estabilidade e calidade do emprego, os programas de incorporación de persoas inmigrantes nos diferentes sectores, así como a posta en marcha de programas de formación dual e recualificación e oficios vinculados ao mar e o agro, a adaptación e mecanización de traballos que eviten esforzos físicos, a incorporación das novas tecnoloxías, formación específica sobre xestión sostible de recursos e impulso da transformación vinculada á produción.

**7.-** A revisión sistemática do Anteproxecto confirma a ausencia dunha alimentación saudable como obxectivo, e da saúde pública, como eixo de actuación. Deberían contemplarse medidas educativas e de divulgación para que as persoas consumidoras teñan mellor coñecemento dos nosos produtos e acaden por esta vía unha alimentación de mellor calidade

**8.-** Desde o CES considérase que articular un Plan Director do Sector Alimentario sen abordar esta realidade, sen coordinarse cos plans autonómicos vixentes en materia de saúde alimentaria e sen incorporar á Consellería competente á gobernanza, equivalería a renunciar á función de orientación estratéxica que se predica do propio instrumento. Neste sentido resulta relevante apostar polas producións agroecolóxicas ou acollidas a réximes de calidade diferenciada. Sen embargo, estas producións non deben destinarse de forma prioritaria á exportación, tal como se recolle no plan director e nas medidas que adopta. A prioridade da alimentación de calidade deben ser os fogares galegos, de maneira que o plan director debe contemplar medidas para facer accesible a alimentación de calidade das persoas en Galicia, e particularmente nos centros e comedores que dependen das administracións públicas (escolas, hospitais, residencias, etc.).



**9.-** No Plan deberían figurar indicadores que mida o impacto do mesmo sobre a persoa consumidora final, sobre a evolución do prezo da cesta alimentaria básica de produto galego, sobre o acceso a unha alimentación saudable, sobre a redución da pobreza e inseguridade alimentaria, sobre a información dispoñible no punto de venda, sobre a saúde pública alimentaria nin sobre o grao de auto abastecemento alimentario do territorio.

O CES considera que deberían incorporarse un bloque de indicadores de demanda e de impacto social, complementario do actual cadro de oferta, reforzaría a robusteza do sistema de seguimento e avaliación que o Plan articula e facilitaría que os informes bianuais ofreceran unha lectura máis completa do retorno social do investimento público.

**10.-** Ademais dos indicadores de execución que incorpora o Plan, o CES considera necesaria a incorporación de indicadores que podan medir o custo administrativo que cada medida xera para as empresas beneficiarias (documentación esixida, prazos, xustificacións, auditorías). Esta medición contribuiría a establecer unha base para reducir cargas e tamén suporía unha oportunidade para medir coa finalidade de acadar cada vez medidas mais eficaces.

Sería moi relevante que o Plan Director previra unha estratexia para medir as cargas burocráticas das empresas do sector, que contribúa á proposta continuada de medidas de simplificación e aforro de tempos e costes para as empresas e profesionais dende a posta en marcha a toda a actividade e desenvolvemento da empresa e dos seus procesos; sen detrimento da trazabilidade ou da seguridade alimentaria.

**11.-** O CES estima que as medidas incluídas no plan deben establecer criterios de valoración que faciliten a súa concesión aos empresarios individuais e microempresas, por ser as que maior esforzo teñen para acometer investimentos materiais ou inmateriais.



**12.-** O CES considera que o texto definitivo do Plan debería incorporar, con carácter expreso e verificable, criterios de calidade do emprego na política de axudas.

**13.-** O CES estima que as bases reguladoras das convocatorias das axudas para proxectos industriais no sector alimentario con implantación en Galicia deberían incorporar compromisos de abastecemento con materia prima local, agás nos casos nos que o sector primario galego non teña a suficiente capacidade para subministrar as cantidades demandadas.

**14.-** O CES considera oportuno establecer, no marco do plan, un réxime de xustificación simplificada para todas as axudas inferiores a un limiar determinado. Sería necesario crear un "expediente único de empresa alimentaria" xestionado dende a DXEISE, que agrupe a documentación esixida polas catro consellerías implicadas e evite a solicitude e presentación repetida dos mesmos documentos (escrituras, certificados tributarios, información técnica da empresa etc.) ante diferentes organismos no mesmo ano. "Medida de presentar documentación unha soa vez"

**15.-** No sector industrial en xeral e en particular na industria alimentaria o CES entende necesario avanzar cara a unha igualdade real en aspectos como as fendas salariais, a corresponsabilidade, a prevención do acoso e a segregación ocupacional.

**16.-** A marxe das previsións recollidas entre outros, no artigo 47 bis do Estatuto dos traballadores, e na formación para o emprego, o CES considera que, entre outros aspectos, a dixitalización e a sustentabilidade (Eixes 2 e 3) poden xerar perdas de emprego se non van acompañadas, no seu caso, de formación remunerada en horario laboral e plans de recolocación, incluída a formación prevista na medida P1.1.



**17.-** En opinión do CES a participación continua dos axentes económicos e sociais na avaliación do Plan debera quedar máis especificada na redacción final do texto do documento obxecto de ditame. O sistema de gobernanza do Plan deberá contar no Comité específico de seguimento e avaliación coa participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, entre outras.

Considérase necesario que os informes de seguimento e os documentos nos que se baseen sexan públicos e accesibles a través do Portal de Transparencia.

O devandito Comité deberá contar, como contido mínimo, entre outros, con:

- (i) composición con representación, entre outras, das organizacións empresariais e sindicais máis representativas; organizacións agrarias, consumidores.
- (ii) periodicidade como mínimo semestral e convocatoria extraordinaria cando existan desviacións relevantes de indicadores;.
- (iii) orde do día, actas e sistema de seguimento con rastrexabilidade de acordos e propostas.
- (iv) acceso a información de seguimento e indicadores do cadro de mando do Plan, especialmente os relativos a emprego, calidade do emprego e condicións de traballo.
- (v) capacidade de proposta de axustes e de novas medidas, que serán comunicadas aos órganos de dirección do Plan para a súa valoración e incorporación nas actualizacións previstas.

**18.-** O CES entende que cómpre avanzar cara a modelos máis redistributivos na integración da cadea de valor que garantan prezos xustos, estabilidade e equilibrio nas relacións coas industrias. Para isto, é prioritario reforzar o poder negociador do sector primario como subministrador de materias primas, de xeito que se asegure a sustentabilidade, a viabilidade económica e a continuidade das explotacións galegas.



**19.-** O acordo da Unión Europea co Mercosur e as consecuencias que vai ter para diferentes ámbitos do sector agropecuario galego merece unha atención e capítulo propio dentro das consideracións ao plan director.

A maioría de medidas que recolle o plan director non dependen da Xunta de Galicia, de maneira que é discutible a súa inclusión no plan director, sen embargo hai outras medidas que se poden adoptar dende a Xunta e esas medidas non se contemplan. Neste sentido, o fortalecemento das granxas existentes mediante o establecemento de canles de comercialización coas persoas consumidoras reforzaría a posición dos produtos producidos en Galicia fronte ás importacións, o que pode colocar aos produtores en mellor lugar para afrontar as consecuencias do tratado do Mercosur.

Un mellor acceso á terra así como unha mellor ordenación do territorio tamén valen para contribuír ao fortalecemento das producións primarias para colocalas en mellor situación ante as importacións estranxeiras.

En relación con todo o anterior, tamén queremos significar que ademáis do Mercosur hai que ter en conta outros tratados de libre comercio que poden ter grande impacto nos nosos sectores primarios e especialmente na agricultura, neste senso cómpre chamar a atención sobre o tratado con Australia así como o que se estivo negociando cos Estados Unidos, xa que neste tipo de tratados de ámbito comercial a agricultura e outros sectores primarios adoitan ser a moeda de cambio para entrar noutros mercados con bens industriais e servizos de diferente tipo. Neste senso cómpre facer unha defensa da agricultura e dos sectores primarios para que queden excluídos do ámbito de negociación destes tratados e permitan conservar os nosos tecidos produtivos e o coidado do territorio, xa que a alimentación é un dereito fundamental das persoas.

Os prexuízos destes tratados acaban producíndose nos ámbitos agrícolas dos diferentes países en cuestión, pois quen acaban beneficiándose son as empresas exportadoras que comercian coas producións agrícolas e gandeiras para especular con elas e gañar diñeiro en lugar de buscar fornecer a mellor alimentación necesaria para cada país. Por outra banda, nun contexto de conflitos bélicos,



guerras comerciais e arancelarias e outras situacións que afectan ao comercio internacional, coa inclusión da alimentación nestes tratados estase a poñer en risco a alimentación das persoas en moitas partes do mundo, por iso entendemos que cada vez hai máis razóns para defender a súa exclusión dos tratados de libre comercio.

**20.-** O CES estima necesario reforzar medidas de control e protección fronte a produtos que veñen de terceiros estados e que non cumpran cos estándares e obrigas establecidas na UE. Neste senso, deben defenderse as condicións de igualdade especialmente nos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura e tamén nos produtos agrícolas e gandeiros.

**21.-** En relación ao grao de concentración da gran distribución, o CES considera que aínda que o Plan sinala que a gran distribución continúa medrando en Galicia, cunha cota de mercado superior ao 80% no consumo alimentario e que esta posición outorga un poder crecente ás cadeas comerciais, que imponen requisitos rigorosos de prezos, volumes, envases e certificacións, limitando a capacidade de negociación das pemes e provocando un incremento da presión sobre marxes, sen embargo o Plan non incorpora medidas correctoras deste desequilibrio estrutural na cadea de valor alimentaria.

**22.-** A maior abastanza, o Plan sinala a necesidade de xerar canles próximos de comercialización pero non diseña estratexias para o seu impulso; polo que o CES entende que cómpre fomentar as cooperativas e consumo e reforzar as feiras e mercados de abastos alí onde existan así como potenciar a venda directa por parte das persoas produtoras e incluso das empresas transformadoras, xa que contribúe ao seu fortalecemento e diversificación dos consumidores finais.

**23.-** O CES entende que se deben establecer medidas de difusión e promoción



por parte da administración, que dinamicen a participación das empresas e profesionais.

**24.-** Galicia é un territorio heteroxéneo polo que o CES entende que o plan debería incorporar de maneira suficiente a diversidade territorial, produtiva e socioeconómica para non limitar a eficacia das medidas en función das características de cada zona.

**25.-** Dentro do ámbito das competencias autonómicas, o CES considera que é preciso que as medidas que se recollen no Plan contribúan a asegurar o acceso aos alimentos en situacións de emerxencia. A alimentación é unha necesidade básica e indispensable para a vida, polo que, durante unha emerxencia, asegurar a continuidade da actividade do sector resulta vital para garantir o acceso aos alimentos e produtos de gran consumo, evitando situacións de desabastecemento e risco de desorde social.

**26.-** O CES estima que a dependencia de importacións estranxeiras para a alimentación animal, que son producidos en localizacións distantes o que incrementa a pegada ecolóxica do noso sector agrario e xera unha vulnerabilidade como actividade dependente do exterior.

O plan director non recolle esta problemática nin polo tanto ningunha medida ou eixo de actuación que contribúa a corrixir os desequilibrios e debilidades que esta situación produce a medio e longo prazo.

O CES considera que resulta necesario un eixo de actuacións que contribúan á ampliación da base territorial das granxas galegas e permitan a obtención de forraxes e cereais propios que reduzan as importacións actuais e contribúan a unha mellor suficiencia de recursos así como unha redución da dependencia exterior e da pegada de carbono das nosas producións animais. Neste punto entendemos que non abonda só co funcionamento do Banco de Terras, ferra-



menta que debe ser mellor dotada e fortalecida por parte da Xunta de Galicia, senón que tamén son necesarias medidas de ordenación do territorio que impidan o abandono de terreos ou a súa transformación en superficies forestais con perda de superficie agraria e mobilicen a terra para os proxectos que precisen base territorial.

**27.-** No que se refire á alimentación das persoas, tamén estamos a importar alimentos vexetais, o que constitúe un desequilibrio que temos potencial para co-rrixir e mellorar incidindo nunha mellor alimentación con produtos de temporada e proximidade que poden mellorar a dieta e a alimentación das persoas e xerar oportunidades de negocio que contribúan a dinamización e diversificación das nosas producións primarias.

**28.-** O CES entende que o texto debería reflexionar sobre o impacto no medio ambiente e a biodiversidade dos modelos de produción, xa que a aposta por modelos de produción extensiva e agroecolóxica, ademáis de xerar máis valor engadido, xera alimentos de mellor calidade e contribúe á mellora do medio ambiente. Neste aspecto o plan director só contempla as producións ecolóxicas como camiño para crear novos nichos de mercado e abastecer unha tendencia de alimentación que está a ter auxe con independencia de factores como a proximidade da súa comercialización ou outros elementos que contribúan á redución da pegada de carbono e o papel dunha conciencia ecolóxica nos modelos de produción e comercialización de alimentos.

**29.-** Dentro do plan director bótanse en falta medidas e políticas de seguridade alimentaria, cousa que resulta relevante tanto para as persoas produtoras como para as consumidoras, xa que se reforza a saúde e a credibilidade dos nosos produtos nos mercados e redonda nun fortalecemento xeral do sector que permite afrontar crises e situacións que xurdiron nos últimos anos que poden chegar a danar seriamente algún dos nosos sectores produtivos.



O mesmo acontece no ámbito da sanidade animal e vexetal, onde o traballo de prevención é fundamental para manter protexidos os nosos sectores produtivos que se ven ameazados por diferentes pragas e enfermidades contaxiosas que cada vez son máis frecuentes co cambio climático. Botamos en falta que o plan director recolla as medidas que xa se están adoptando dende as diferentes áreas, así como outras que poidan resultar necesarias en función de cada situación que haxa que adoptar.

**30.-** Ademais da posta a disposición de chan industrial, é fundamental traballar no ámbito competencial de Galicia na planificación e tamén influír no ámbito competencial estatal na procura de marcos estables para as empresas e establecementos suxeitos a concesións e permisos, pola súa situación en zonas de especial protección (especialmente no espazo costeiro).



## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

---

**1.-** O mantemento reiterado do obxectivo de acadar un 20% de peso industrial no PIB, sen que este fose alcanzado en planificacións anteriores, evidencia a necesidade de introducir unha reflexión crítica sobre os instrumentos empregados ata agora para a súa consecución. A experiencia previa —na que non se acadou o obxectivo do 20% do peso industrial no PIB para o 2020— suxire a necesidade de revisar o enfoque.

**2.-** Deberíase revisar a concordancia entre o índice e o número real da páxina que corresponde.

**3.-** En relación ás tendencias do marco competitivo e regulatorio, dentro das medidas de comercialización directa tamén nos parece moi relevante a posta en marcha de matadoiros comarcais, salas de despece e obradoiros de transformación cárnica (ao igual que se ten feito noutros sitios de España ou de Europa), que contribúen á comercialización directa das producións gandeiras e reforza os vínculos entre produtores e consumidores permitindo o acceso a unha mellor alimentación mediante canles curtas de comercialización que reducen a pegada de carbono. Por outra banda, tamén se deben adaptar os centros de acopio e a loxística orientada a facilitar a distribución de mercadorías e, especialmente, a chegada das pequenas producións (agroecolóxicas, familiares, artesanais, etc.)

**4.-** En relación ao envellecemento demográfico e falta de relevo xeracional, o documento identifica a falta de relevo xeracional como un dos factores críticos para o futuro do sector e apunta entre as posibles causas a percepción social negativa da profesión agraria.

O CES estima preciso engadir unha medida que dea a coñecer ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos, tanto do rural



como de zonas urbanas, as bondades da profesión agraria actual, destacando aspectos como a tecnificación dos labores, a independencia do traballo autónomo, a flexibilidade horaria, o traballo en contacto coa natureza entre outros.

5.- En relación ao reforzo e dotación do Observatorio de Prezos de Galicia, o CES estima que se debería elevar o Observatorio de Prezos de Galicia á categoría de medida con ficha propia no Anexo I, dotación orzamentaria explícita no cadro económico-financeiro e gobernanza compartida entre a Xunta de Galicia, as organizacións do sector primario, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e as asociacións de persoas consumidoras. O seu ámbito debe estenderse a calquera dos elos da cadea, desde a orixe (produtor) ata o destino (consumidor final), publicar datos abertos con periodicidade mensual e emitir alertas temperás sobre desviacións anómalas dos distintos produtos que conforman a cesta básica de alimentos.

6.- En relación á complexidade normativa e presión regulatoria, o CES estima que se debería reformular o tratamento da «información ao consumidor» no Capítulo 6.1 para presentala como dereito da persoa consumidora e vantaxe competitiva do produto galego. Incorporar ao Plan de acción unha liña específica de apoio á PEME alimentaria galega para a implantación voluntaria e temperá de etiquetados frontais nutricionais que adopte a normativa estatal ou europea, do etiquetado de orixe reforzado e de sistemas de trazabilidade accesible á persoa consumidora a través de códigos QR.

7.- Como medida dirixida a acadar o equilibrio na cadea de valor fronte á concentración da gran distribución o CES considera oportuno incorporar ao OE1 (Eixo 1) ou ao OE2 (Eixo 5), medidas específicas que incidan no cumprimento da normativa da cadea e na formación de prezos, contando coa participación de todos os elos da cadea e das persoas consumidoras. Así mesmo o CES considera axeitada a creación de liñas de apoio á cooperación horizontal e



vertical entre PEMES produtoras galegas para mellorar o seu poder de negociación.

**8.-** En relación a que o acordo UE-Mercosur supón unha oportunidade estratéxica para a internacionalización, o CES entende que se debería modificar o texto e ampliar a «fronte común» prevista para incluír expresamente ás asociacións de persoas consumidoras e usuarias representativas en Galicia, como interlocutoras lexítimas na defensa das cláusulas espello e da reciprocidade de estándares de saúde pública e seguridade alimentaria, estender a solicitude á Comisión Europea para que as cláusulas espello cubran non só as garantías para o sector primario, senón tamén os estándares de seguridade alimentaria, residuos de produtos fitosanitarios, uso de antibióticos e benestar animal aplicables aos produtos importados, en clave de protección da persoa consumidora europea, converter o «Plan de control específico en Galicia sobre os produtos importados» en medida con ficha propia no Anexo I, dotación orzamentaria, gobernanza compartida coas asociacións de consumidores e obriga de publicación periódica de resultados (informe anual público de control alimentario sobre produtos importados), e incorporar a obriga de información ao consumidor mediante un etiquetado de orixe reforzado que distinga claramente, no punto de venda, os produtos sometidos aos estándares europeos plenos dos importados ao amparo de réximes asimétricos.

**9.-** En relación coa previsión que fai o plan director de realizar campañas de sensibilización dos consumidores, respecto ao consumo de produtos galegos, emblema de bo facer, calidade e sustentabilidade social e ambiental, o CES considera que debería establecerse unha medida con ficha propia centrada na educación e información alimentaria das persoas consumidoras galegas, coxestionada coas Consellerías competentes na materia, dotada orzamentariamente, con convenio marco coas asociacións de persoas consumidoras e entidades do ámbito da nutrición. Esta medida estaría orientada entre outras finalidades ao fomento de hábitos de vida saudables, á educación alimentaria e nutricional nos centros educativos, á formación de formadores (profesorado,



persoal sanitario, persoal educador social e ao desenvolvemento de campañas específicas para colectivos vulnerables.

**10.-** En relación á saúde pública alimentaria, o CES propón incorporar un terceiro obxectivo estratéxico (OE3) coa seguinte redacción: «OE3. Contribuír desde o sector alimentario galego á mellora da saúde pública, promovendo padróns de consumo saudables, o aumento de consumo de produtos frescos, a elaboración culinaria sobre o acervo cultural galego, a redución do consumo de alimentos con alto contido en azucres, graxas saturadas e sal, así como o acceso equitativo a unha alimentación de calidade». Este OE3 deberá traducirse nun eixo específico do Plan de acción con medidas, dotación orzamentaria e indicadores propios, e estar formalmente coordinado co Plan Obesidade Zero de Galicia 2022-2030 e co Plan Xermola para a prevención da obesidade infantil.

**11.-** En relación ao Plan de Acción, e, en concreto á alimentación en colectividade públicas e comedores escolares, o CES propón incorporar no OE2 un novo bloque centrado na alimentación en colectividade públicas e comedores escolares» con, polo menos, as seguintes medidas, un Plan galego de comedores escolares saudables e sustentables, coordinado co Plan Xermola e co Plan Obesidade Zero, con metas vinculantes de incorporación progresiva de produto local, ecolóxico e de tempada; un protocolo de coordinación entre as Consellerías de Educación, Sanidade e Economía e Industria; e liñas de apoio á pequena e mediana industria alimentaria galega para favorecer o seu acceso aos procesos de contratación pública alimentaria.

**12.-** En relación ao Plan de Acción e en concreto á compra pública alimentaria sustentable, saudable e de proximidade, o CES propón incorporar ao OE2 unha medida específica centrada na compra pública alimentaria sustentable, saudable e de proximidade», con directrices vinculantes para todos os pregos de restauración colectiva do sector público galego; con cláusulas de incorporación



progresiva de produto local, ecolóxico e de tempada; cun sistema de seguimento da porcentaxe do gasto público alimentario captado pola PEME alimentaria galega; e cun acompañamento técnico ás pequenas empresas para concorrer a estes pregos.

**13.-** No que respecta á soberanía e resiliencia alimentaria de Galicia como concepto reitor ausente. O CES propón incorporar á análise DAFO sectorial (Capítulo 5.6), na epígrafe de Debilidades ou Ameazas, a dependencia exterior en alimentos básicos como elemento estratéxico a valorar ou corrixir, engadir ao Plan de acción unha medida específica de avaliación periódica do grao de autosuficiencia alimentaria de Galicia por categorías (lácteos, carne, pesca e acuicultura, hortícolas, cereais e leguminosas, ovos), con metas cuantificadas para 2028 e mecanismo de seguimento bianual, e reforzar o sector primario galego —especialmente a produción de pequena e mediana escala vinculada ao territorio— como condición material da soberanía alimentaria, mediante liñas de apoio específicas que se complementen coas xa previstas para a industria transformadora.

**14.-** En relación á xestión de residuos, o CES, bota en falta un enfoque máis ambicioso na práctica en materia de xestión de residuos dentro da cadea agroalimentaria. Galicia atópase actualmente moi lonxe de cumprir co obxectivo de reducir nun 50% o desperdicio alimentario, meta fixada pola UE para 2030.

En moitos casos, a industria de transformación atópase coa falta de plantas ou infraestruturas intermedias que permitan converter estes residuos en recursos de forma eficiente.

Esta problemática resulta especialmente relevante en subsectores como o pesqueiro e acuícola, nos que o volume de subprodutos é elevado e non sempre existen saídas viables próximas ou adaptadas á escala das empresas. Neste contexto, existe o risco de que o obxectivo de “desperdicio cero” quede máis



no plano teórico que nunha aplicación práctica e realista.

Por outra banda, o Plan aborda o desperdicio alimentario fundamentalmente como un reto ambiental, aínda que podería reforzarse o seu enfoque como oportunidade empresarial para a industria transformadora. O desperdicio e os subprodutos poden constituír unha clara panca de innovación e diversificación a través de liñas como o desenvolvemento de novos ingredientes (proteínas, fibras, extractos, etc.), a creación de produtos de segunda transformación, aplicacións en biofertilizantes, pensos, biogás ou biomateriais, así como a xeración de alianzas con empresas de biotecnoloxía e *foodtech*.

Neste sentido, unha abordaxe do desperdicio alimentario non só como residuo a reducir, senón como recurso estratéxico a valorizar, podería contribuír a reforzar a competitividade do sector e abrir novas liñas de actividade para a industria de transformación.

Ademais son necesarias ampliar medidas, incorporando expresamente un eixo de información e educación á persoa consumidora, na súa perspectiva doméstica, en colaboración coas asociacións de consumidores e cos centros educativos; un protocolo galego de aproveitamento de excedentes en colaboración con bancos de alimentos e entidades do Terceiro Sector; e unha liña de apoio ao comercio retalista para reducir o desperdicio no punto de venda, con especial atención ao comercio local de proximidade.

**15.-** Como parte das accións destinadas á dinamización do consumo de produtos frescos e á promoción dunha alimentación saudable, o CES considera que o Plan debería contemplar máis medidas de tipo “moedeiro”, con especial atención ás actuacións dirixidas ás persoas mozas para favorecer a adopción temperá de hábitos saudables, así como campañas publicitarias e educativas recorrentes orientadas a reforzar o posicionamento e a modificar os hábitos de consumo cara a estes produtos.



**16.-** En relación a I+D+i orientada ao produto final con valor percibido pola persoa consumidora, o CES considera que debería engadirse ao Eixe 2 do OE1 unha quinta prioridade, que aborde a innovación de produto e de marca para a captura do valor engadido na cadea alimentaria galega», dotada orzamentariamente e articulada en torno aos seguintes ámbitos de actuación: unha liña de apoio ao desenvolvemento e consolidación de marcas propias galegas con vocación de presenza relevante no lineal da distribución organizada nacional e internacional, en cooperación cos consellos reguladores das DOPs e IXPgalegas; un programa de innovación en formato, presentación e narrativa comercial dos produtos transformados galegos, con prioridade para os subsectores con maior fenda entre valor da materia prima e valor do produto final transformado fóra de Galicia (lácteos, pesca, carne); unha liña específica de I+D+i en alimentos funcionais e nutracéuticos con identidade territorial, un programa estable de investigación de mercado e de comportamento da persoa consumidora europea, con publicación de resultados accesibles ao tecido empresarial galego; e unha liña de apoio ao desenvolvemento de canles directas produtor-consumidor con valor tecnolóxico engadido (sistemas de trazabilidade orientados ao consumidor final mediante código QR, plataformas de venda directa con narrativa de orixe verificable).

Esta nova prioridade deberá traducirse en indicadores propios no Cadro de mando, entre eles a evolución da cota de mercado de marca galega na distribución organizada e o diferencial de prezo entre o produto final transformado en Galicia e a materia prima galega exportada sen transformar.

**17.-** No marco dos programas Talento, o CES considera preciso reforzar a formación específica orientada á cualificación de profesionais, co obxectivo de dar resposta ás categorías con maiores dificultades de cobertura por falta de persoal especializado, como pode ser o caso da carnicería ou a peixaría.

Considerase necesario a implementación de medidas que incidan no incremento da produtividade dos postos de traballo: transformación dos postos de traballo que os fagan máis produtivos e con maior valor engadido, e polo



tanto máis atractivos: reordenación dos procesos produtivos a través de dixitalización, innovación, automatización e IA.

**18.-** CES considera que a medida P3.3 é positiva, pero debería ir acompañada de formación en galego e de medidas de integración laboral real.

**19.-** O sistema de gobernanza do Plan deberá contar no Comité específico de seguimento e avaliación coa participación entre outras das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Co obxectivo de avaliar o impacto real do Plan e orientar as políticas públicas de xeito efectivo o CES propón incluír, entre outros, os seguintes indicadores de seguimento:

- i. Evolución do número de persoas traballadoras no sector.
- ii. Taxa de contratación indefinida no sector.
- iii. Fenda salarial de xénero por categoría profesional.
- iv. Número de persoas formadas .
- v. Indicadores específicos da RSE e Igualdade.
- vi. Investimento privado mobilizado

**20.-** No que respecta á gobernanza, o CES entende preciso recoller de forma explícita a participación de organizacións empresariais e sindicais máis representativas, organizacións de consumidores, sector primario, economía social e universidades.

**21.-** No que respecta aos criterios de intervención no ámbito da sinistralidade laboral, o CES considera necesario incorporar unha análise máis detallada, desenvolver medidas específicas adaptadas a cada sector e incorporar a perspectiva de xénero na prevención de riscos.



**22.-** Nos cadros de orzamento, o CES suxire engadir unha columna co código de cada medida para facilitar a súa consulta.

**23.-** O CES estima que todas as medidas dos Eixes 1 a 8 deberían incluír indicadores de emprego de calidade (taxa de indefinidos, salario medio, índice de xénero) no cadro de seguimento.

**24.-** O CES considera que as axudas a investimentos (Eixe 5) deben priorizar proxectos que xeren emprego neto e produción no territorio galego.

**25.-** No que respecta á coordinación interdepartamental con Sanidade, Educación e Política Social, o CES considera que se deberían de incorporar á xestión e coordinación dos Plans directores á Consellería de Sanidade, á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e á Consellería de Política Social como partícipes formais do grupo de coordinación, con voz e voto nas decisións que afecten aos seus respectivos ámbitos competenciais.

**26.-** En relación aos indicadores de execución, o CES suxire engadir unha columna co código da medida para facilitar a súa consulta.

Hai medidas que non figuran identificadas na relación de indicadores. É preciso que todas as medidas poidan ser avaliadas e polo tanto precísase incluír indicadores de resultados das mesmas.

En todas as medidas de axudas a empresas deben incluírse os indicadores de “empresas apoiadas” e “investimentos privados que acompañan o apoio público”.

**27.-** CES considera necesario incluír indicadores de seguimento da financiación outorgada ás empresas ao abeiro do Plan.



**28.-** O CES considera que o plan debería incorporar un bloque de indicadores sobre demanda e impacto social, tales como; a evolución do prezo da cesta da compra básica alimentaria de produtos galegos fronte aos importados, cota de mercado de produto local na distribución organizada, porcentaxe de gasto público alimentario destinado a produto galego, número de centros educativos con menús baseados en produtos de proximidade en coordinación co Plan Xérmola, reclamacións recibidas polo IGCC e asociacións de consumidores en materia alimentaria por tipoloxía, implantación de etiquetados nutricionais frontais na PEME alimentaria galega, así como o grado de autosuficiencia alimentaria de Galicia por categorías de produto.

**Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital**

Vº e P.  
O PRESIDENTE  
Manuel Pérez Álvarez

O SECRETARIO XERAL  
Manuel Martínez Varela





